

# **VIAXE ARREDOR DE ANXEL FOLE**

**Luis Rodríguez Rodríguez**

Este artigo ten moito doutro escrito para ser publicado no mes de maio do 1997 co gaio da celebración do Día das Letras Galegas, dedicado a Anxel Fole Sánchez. Pero era tal a “lista de espera” que xurdiu en toda Galicia que preferimos gardalo para outra ocasión que non tiña necesariamente que ser unha data solemne. Hoxe, serenados os ánimos, é cando nós queremos dedicarlle a nosa homenaxe e darlle as grazas por poñer unha nota de humor dentro dun mundo profesoral dabondo, cheo ademais de aprendices en tola carreira por recoller unha pinta da personalidade do escritor que puidera xustificar un artigo. Despois de maio do 1997 pouco máis queda daquela homenaxe que un par de anécdotas denantes descoñecidas. Fole segue a ser unha pantasma que navega pola cultura galega desposuído da frescura que o caracterizaba. Ninguén que nós saibamos reparou en que as grazas e as enxeñosas saídas de ton que tiña o autor de “Terra brava” non eran algo gratuíto, senón froito da necesidade de reafirma-la súa personalidade e nel xurdían espontaneamente, como a pel responde á ortiga e a sensibilidade á dor.

Literariamente era algo máis que un bo contista e algo menos que un regular recolledor de léxico, tarefa esta que nós non vemos como a máis definidora de Fole, nin a vía tampouco Anibal Otero. Non tiña coñecementos nin, sobre todo, paciencia para tal mester. Xunto co Trapero Pardo eran dous irresponsables filólogos.

As abundantes filias e fobias do noso escritor non impiden que todos o teñamos que cualificar de ser encantador en toda a dimensión que se lle poida dar a esta verba, por agarimoso, respectuoso e comprensivo cos demais, a pesar de ser un home que devecía por estar en primeiro termo. A un home destas condicións háselles poder perdoa-lo seu egocentrismo, xustificando, entre outras cousas, polo feito de que cantos se achegaban a el \_que eran moitos\_ o facían por algunha razón práctica, nada xenerosa. Este feito enchíao de vaidade e sentíase o embigo da cultura galega. O egocentrismo de Anxel Fole era de tal natureza que por estar en primeiro termo mesmo estivo a piques de colaborar co que máis odiaba, o chamado Movemento Nacional, concretamente ca súa aula cultural, “Amadis de Gaula”. Claro que neste influíu o redactor xefe do “El Progreso” polo poder que este cargo lle outorgaba sobre o escritor, moi necesitado de cartos e dun espazo para traballar. Pero a pesar desta influencia Fole foi capaz de resistirse.

## O MEU CONTACTO CO FOLE

Non me lembro de cando falei co Anxel Fole por primeira vez. Coñecía de velo pola rúa, sobre todo ás primeiras horas da madrugada luguesa cando remataba a función de cine do España. Entón baixaba pola rúa de San Pedro, cruzaba a Praza de España e perdíase pola de Santa María camiño da rúa de Santiago onde vivía. Angel González Doreste, Salvador Castro, que logo sería subdirector do *El Progreso*; Xullo González, funcionario de Telégrafos; Rodríguez Sánchez, que ía para filósofo, e mais eu, noctámbulos empedernidos, éramos mudas testemuñas deste vagar foliano, como tamén do seu amor pola calefacción da “general” do cine España, a nosa localidade preferida de mozos por razóns obvias. Un día Celestino Fernández de la Vega falou co Anxel Johan para que a través do seu fillo Anxel invitara a Castro e mais a min á tertulia que sostiña no Café España. Nela atopamos ademais de Fole e Celestino a Anxel Johan, a Ramón Piñeiro, visitante adoitado de Lugo onde entón vivía o seu pai, e ó mestre asturiano Agustín García, boa persoa onde as houbera, purgado por Franco, e o mellor coñecedor de Unamuno, en expresión de Celestino. Esta opinión do filósofo de Friol traía amolado a Fole, quen na súa egolatría non toleraba que ninguén coñecera ó filósofo vasco mellor ca el, e menos un mestre emigrado de Asturias.

Anos máis tarde cando o músico Tomás González Prieto, irmán do pintor Fermín González Prieto volve para Lugo á casa da súa irmá, a pesar dos esforzos despregados por atraerse a Fole este case non lle fai caso por tratarse dun “técnico” que ademais falaba moito. O que realmente ocorría era que o músico poñía en evidencia os escasos coñecementos da técnica musical que tiña o escritor, cousa que a este non lle gustaba en absoluto. Fole, como a inmensa maioría dos mortais, non sabía nada da técnica musical, e das obras só tiña un coñecemento literario, como case tódolos afeccionados. É dicir, soamente coñecía o nome do autor, así como o argumento que figuraba na carauta do disco inda que Celestino teimaba por facerlle ver que a música non era iso. O argumento era o resultado, afirmaba o friolense, da tendencia do home a literaturalizalo todo, a converter todo en verbas para así comprender ou pretender comprender.

Durante a etapa do “Cineforum Lugo”, nos anos sesenta, pódese dicir que non pasaba unha xornada sen que parolásemos co Fole, xa fora na tertulia do Café España, ou ben paseando pola muralla ou polo parque. Anxel Fole, que era moi respectuoso cos cregos, non

tiña, sen embargo, moito interese pola súa compañía, e mentres Celestino e mais eu íamos moitas tardes logo do café a platicar ó claustro da catedral, sentados nun dos bancos de madeira que alí había, Fole ía para o “Lugo Bar”. Non sabía que por aquel comfortable claustro era moi raro que aparecese un crego.

Connosco falaba moito de política inda que era un coñecemento que non o engaiolaba, como tampouco a Salvador. Ámbolos dous irmáns, cultural e politicamente, quedaran na Guerra Civil do 1936, sobre todo na etapa das represalias, as que, realmente, lles daban medo. Salvador sempre nos poñía en garda diante de certos falanxistas lucenses guiados máis pola envexa que polos principios do Movemento. E tiña razón... Outra das conversas preferidas do Anxel Fole era o cine. Tiña bo gusto e intuía onde había calidade, pero afondar no coñecemento desta arte era moito pedir. Non ocorría que estivera incapacitado para comprende-la esencia do cine, non. Co cinematógrafo ocorríalle o mesmo que ca música, ca pintura..., cansábano, síntoma evidente de que algo non funcionaba ben no seu interior. Por iso cando se producía algunha discusión que esixise afondar en algo sempre propoñía “que nos lo explique Celestino”. Este personaxe do intelectual sen pensamento, por enfermidade ou natural, do intelectual intuitivo, é moi abundante en España, tanto que se pode dicir que tódolos españois somos uns intelectuais sen pensamento, por iso sentimos moita envexa de quen pensa, e diante del adoptamos unha actitude irónica, case desprezativa. O colmo desta actitude é a radical “¡guerra contra el nefasto vicio de pensar!”

Fole non ía tan lonxe. Tratábase dun home de grande sensibilidade, e moi tolerante, envellecido prematuramente. Notábaselle, como veremos máis adiante, que rematara a súa capacidade creadora con “Terra brava” e “Á lus do candil”. O trágico é que el sabía isto, como sabía que tiña que “vivir de rendas” e que no seu mundo, no que a súa prematuramente envellecida mente creara, estaba só rodeado de “burros”. “¡Pero que burro es usted, hombre!”, afirmaba cando alguén sen capacidade, ó seu xuízo, para xulgar se poñía a falar da súa obra. Estar incapacitado non quere dicir ignora-la calidade e ter perdido a técnica de narrar, non. O que foi perdendo ca prematura vellez foi o ter algo que dicir. Ten que ser moi triste saber onde está a calidade e non a poder atinxir. Pero sobre isto xa volveremos.

Era moi afeccionado ó “western”, como Celestino e máis nós, así como ó “Cine negro”, xéneros con directores da categoría estética de Ford, Hathaway, Mann, Lang e Renoir, que o entusiasmaban. Era un admirador de “La mujer del cuadro”, do director alemán

e de toda a obra de Renoir, se ben neste caso tamén influía o feito de que o director de cine fora fillo do pintor Renoir. Nos coidamos que a súa afección polo “western” era debido a que nas películas de “caballistas”, como lles chamaba, todo é ritmo e mais emoción; é onde o cine máis pristinamente amosa a súa esencia, ata o punto de que os bos directores americanos sempre dixeron que non podían facer un bo film mentres non pasaran con nota a proba do “western”, por iso hai tantas e tan variadas “vaqueradas”. Ademais neste xénero cinematográfico había moi pouco que pensar e non se dicían grandes frases. A nós sempre nos pareceu, o mesmo que a Celestino e mais Fole, claro, que para pensar estaba a filosofía e para emocionarse o cine e maila música. Con todo, el quería pasar como grande pensador, como se ollá moi ben en “O gran parladoiro”, de “Terra brava”, capítulo que por moi interesante que poida resultar non deixa de estar metido no libro con calzador. Fole quería aparecer “pensando”, polo que recoñece tomar notas do que se di para logo publicalas. Era un home moi pouco dotado para á abstracción e ó ensimesmamento, o que unido a unha serie de razóns que logo analizaremos foi causa de que non escribise novelas.

Participei co escritor lugués en moitas viaxes ás que paradoxicamente o home non ía para olla-la paisaxe ou o monumento que nos interesase, senón polo pracer de ir no auto, toca-la bucina e falar de etimoloxías, manía que sempre tivo e amosa en “Terra brava”. Inda que poida parecer estraño, Fole sempre semellaba estar disposto a ouvir falar da paisaxe, pero non era certo. Nel, contrariamente ó que sosteñen algúns eruditos, a paisaxe era unha construción literaria. O escritor comezou a admira-la paisaxe cando os críticos \_nos que soamente cría cando lle conviña\_ comezaron a falar da súa capacidade para a comprensión da paisaxe. Entón converteuse no único home que podía falar daquela. Esta simpática actitude comezou a tambalearse cando Celestino dixo que ía publicar un libro sobre da paisaxe. A partir de entón indefectiblemente cada vez que escoitaba falar deste posible libro exclamaba: “¡que barbaridad”! O egocentrismo de Fole non podía tolerar competencia, e se a raíz da publicación de “Terra brava” pasaba a se-lo innovador da linguaxe e mais amante da paisaxe por decisión dalgúns críticos e amigos do oficio, non podía permitir que ninguén lle pisara o seu terreo. Cando espertou deste sono e se decatou de que non era así sufriu un grande desgusto arremetendo contra dos críticos e mais de Celestino. Foi un xeito de descargar nos demais a súa incapacidade para afondar na paisaxe e na relación desta co home e ca arte, a pesar de que o libro do filósofo de Friol quedou nun espléndido opúsculo, “Abrente e solpor

da paisaxe”, que Fole sempre rexeitou co argumento *\_inda que non leu o artigo\_* de que un home que “*pensa*” non pode “*senti-la*” paisaxe e moito menos “*explicala*”. A paisaxe podíase intuír nunca racionalizar, argumentaba Fole. Polo que el, que era un intuitivo, tiña que se-lo gardián da paisaxe. Con todo, non adoitaba falar deste tema. E cando saía na tertulia púñase nervioso.

Noutras viaxes, case sempre acompañados de indianos que se pegaban a el como as moscas ó mel, falaba da economía americana, da emigración (que fixera millonarios a moitos galegos) e un pouco, moi pouco dos amigos escritores. Lémbrome que a piques de ser anegado Portomarín veu por Lugo un indiano coruñés fabricante de neveras en Venezuela, e moi amigo de Silvio Santiago. Este home morría de ganas de falar con Fole, así que os xuntei e leveinos ata o parque de Rosalía de Castro. Pero o indiano case non puido falar co escritor porque era portador dunha Polaroid que revelaba as fotos instantaneamente. Entón Fole esqueceuse do americano e só quería ser protagonista das fotos. Andaba como tolo, berrando; “¡que bonito!” e pedíndolle ó fabricante de neveras que lle fixera fotos... Ó remate fomos comer a Sarria, a casa doutro indiano, amigo do coruñés, e quedamos citados para o xoves ir facer un documental a Portomarín. De volta en Lugo, Celestino pedíume que fixera un pequeno guión porque aquilo ía ser un churro de órdago, como así foi.

O coruñés presentouse en Lugo ca súa dona e os dous fillos (o maior tería doce anos), así como co Silvio Santiago, entusiasmado por traballar con Fole na rodaxe do documental. O de Vilardevós non se apartaba do lugués e este escapaba del coma do lume. O indiano sacou o tomavistas do auto e entregoullo a Silvio Santiago, o que de súpeto sentiu un pulo tremendo por facer fotos, e Fole un cabreo colosal por non aparecer en ningunha das que rodaba o ourensán. O “*guirigai*” que se montou entre os dous escritores foi memorable, pero o resultado era lamentable: eu quedeime co breve guión que escribira no peto; o tomavistas, cheo de fotos que non servían para nada e Portomarín sen o documental que o “americano” quería para o recordo. Silvio Santiago inda teimaba en que o domingo xuntariámonos para montar o rodado. Afortunadamente o indiano esqueceuse do tal documental.

Dados os lugares que visitamos xuntos e os comentarios de Fole ó regreso podemos dicir que Fole era mais ben un home de vila e mesmo diríamos que esencialmente un peón lugués; o de montaraz, amigo de penedos e outeiros, é pura literatura, como literatura é o de ser larpón cando en realidade tratábase dun home moi frugal. Realmente os seus paseos

cotiáns polo Incio, Quiroga ou o Courel, segundo fomos sabendo, non ían máis aló duns metros a carón da súa residencia. O noso escritor era home que non só tiña medo, gustaba da comodidade.

Cando nós o coñecemos, Fole tiña moi pouco interese pola arte, mesmo pola literatura, que abandonara aló polos anos trinta do século XX, e nunca volvera a ler un libro, a lo menos se o empezara non o rematara, como resultado, cremos nós, dunha enfermidade ocular. A pesar de que era consciente disto e de que as lentes lle facilitaban a lectura e con ela a cabal interpretación dos textos, rexeitounas nun xesto de incomprendible coquetería: porque, ó parecer, non estaba “guapo”. Desde logo era presumido, pero aceptar durante anos o dramatismo que para un intelectual debe representar sentir como vai perdendo a súa capacidade intelectual simplemente porque non se gustaba con lentes, é unha rareza que costa entender. Pero todo consello era inútil -¡Non aceptou nin os de Ramón Piñeiro! Para estar ó día, inda que fora superficialmente, era fiel ó tópico de que o intelectual debe comportarse coma tal e só pode falar de “intelectualidades”, así, en virtude deste principio, diante de Celestino, de min e de Piñeiro cando viña a Lugo, a tertulia convertíaa nunha imitación da ágora na que ía prantexando unha serie de temas para que os contertulios lle deran as respostas que el non podía sacar dos libros. Por fidelidade a ese tópico non pode evitar escribir, como temos dito, o capítulo de “O gran parladoiro”, no que un fato de pensadores, comandados polo Cilistro, teñen unha absurda conversa que, como xa dixemos, desentoa co resto do traballo. E dicimos absurda porque realmente non ten outro fin que amosar que estaba vivo, que pensaba. Pero intelectualmente a tertulia por el debuxada era moi pobre.

¿Qué ocurría? Sinxelamente, sentíase vello e cría que os demais o vían así, velaí o porque crea ese capítulo de “vitalismo intelectual”. Con todo os achaques da vista e os da prematura vellez non o fan desmerecer coma escritor, pois se non semellaba orixinal, a súa linguaxe si era novidosa e tiña moita frescura, inda que Anibal Otero non o entendía así:

“Será todo o fresco e grato que queiras, \_queixábaseme moitas veces tomando café no Madrid mentres agardaba a hora de colle-lo auto para volver a súa casa\_ Pero é inventado... e das etimoloxías non me fales...Claro que o mesmo facía Piel... E eso de que a fala é o que se fala...”

Na realidade Anibal non comprendía a Fole porque de acordo co “libro do intelectual” Fole debía ser en todo momento un pensador... O etimólogo tiña razón cando negaba que a

fala fose o que se fala porque se falan moitas barbaridades (mesmo no galego cotián deste intre). As veces o que se toma por unha variante local non é senón unha torpeza. Pero tamén tiña razón o escritor cando aseguraba que a fala é o que se fala; é dicir, o que fala o pobo, e que el, ó dicir dos críticos, recolle en “Á lus do candil” e “Terra brava”. Se isto non fora así, debía pensar Fole, os seus libros e el mesmo estaban de máis. Anibal Otero rexeitaba o galego de Fole e mais as súas etimoloxías por irrealis, e o escritor rexeitaba ó lingüista por especialista. Púñase en evidencia a consciencia de Fole sobre a súa imposibilidade de pensar. Mesmo chega a obsesionarse cas etimoloxías por emular a Trapero Pardo porque este sabía máis latín ca el.

Tampouco era amigo de poetas, agás Manuel María e Novoneyra, ós que aceptaba mesmo con agarimo por tres razóns: a súa vella amizade, o tipo de poesía que estaban a facer e porque tódolos tres tiñan a manía das etimoloxías. Para el o tipo de poesía que estaban a facer cumpría perfectamente o sentido que Fole tiña do popular. Sentimento, moi alonxado da mentalidade dos críticos, afirmaba o contista lugués. E agora que estamos a falar de poetas cómpre reparar na displicencia con que os trataba. Resulta que un día cheguei ó “Lugo-Bar” un pouco antes das tres da tarde e non había ninguén no local, agás un rapaz fraco e con lentes sentado diante dun velador e da primeira ventá do salón. Eu seguí ata a segunda \_que era o noso lugar de reunión\_ e tamén sentei diante dun velador. Nesto chegou Celestino, sentouse e a camareira serviunos o cortado que sempre tomabamos ó tempo que nos informaba con voz moi queda:

\_”Ese rapaz que está ahí preguntó por el señor Fole... Se llama Bernardino Graña.\_ Démoslle as grazas e contestámoslle que cando chegase Fole xa o avisaríamos. Chegou o escritor e sentou entre Celestino e mais eu ollando cara fora a través do vidro da ventá. Queixouse da calor que facía, frotou as mans, nun ritual que sempre era o mesmo, e preguntounos que que contabamos. Celestino que tiña moito senso do humor, preguntoulle

\_Oes...¿Ti coñeces a un poeta chamado Bernardino Graña?

\_Si, claro.\_ contestou rotundo.

\_E que aí, a carón miña, hai un rapaz que non nos saca ollo e ben puidera ser el.

Fole mirou de esguello para a súa dereita, e preguntou

\_E que é ese Graña...\_

\_¡Poeta, coño! Pero ti xa o coñeces...



\_¡Muy bien, poeta!, \_exclamou Fole esbozando un sorriso de culpabilidade.

Nestas ergueuse Bernardino e achegouse onda nós con moita timidez. E dirixíndose a Fole inquiriulle...

\_¿Vostede é don Anxel Fole?

O escritor ergueuse da cadeira moi solemne, tendeu a man e moi ledou exclamou:

\_Si, señor, a su servicio...¿E vostede quen é?

\_ Eu son Bernardino Graña... xa lle falou de min (e citou o nome dun intelectual vigués que non recordo)

\_Séntese e tome café.\_ invitou Fole

\_Moitas grazas, pero xa tomei un.

\_Sente aí, a carón do señor De la Vega...Sempre poderá aprender algo. ¡Si, señor!.

\_E que agora veño para Lugo, a dar clase no colexio Fingoi\_ aclarou Bernardino, de paso que sentaba.

\_¡Muy bien! A las órdenes de don Ricardo...pobre...

Cando o rapaz marchou porque estaba citado co Arcadio López Casanova, Fole comentou:

\_ ¿Non credes que hai moitos poetas?

Celestino, que xa digo tiña senso do humor, contestou:

\_A culpa tena Piñeiro...

Realmente, aquela era unha tertulia de tolos, pero este episodio explica moi ben a Anxel Fole, que se sentía moi por enriba dos poetas, e estou por dicir que do ben e do mal. Era certo que un galeguista vigués lle escribira falándolle do Graña e que a carta que lle escribira gardábaa nun bolso sen a abrir.

Aquel home, pequenote el, con cara de romano, gorra ou sombreiro un chisco ladeados e sempre ca aparencia de ser sorprendido antes de rematar de se afeitar, era home de mal acougo porque nas tertulias entran xentes que non eran intelectuais e as que había que soportar, o que non entraba no concepto que o escritor tiña do público.

Non sei como era Fole antes de eu o coñecer, pero todo nel parecía indicar que se trataba dun home que fora da xuventude á vellez sen pasar pola etapa de maduración; ós 55 anos xa tiña, coidamos nós, síntomas claros de prematura vellez, entre eles a decadencia da memoria para os feitos recentes, a desorganización do carácter que facía que, inda estando rodeado

de rapaces, xulgara á xuventude mesquiña e sobre todo irrespectuosa; así como un permanente escepticismo sobre da importancia do novo acompañado dun conservadorismo de valores chamados permanentes, o que ata hai pouco tempo considerábase a verdadeira sabedoría. Pero estes valores hoxe desaparecidos xa estaban caducando cando el era un rapaz. Con todo, o síntoma máis característico era a perda de interese polas cousas que xeralmente vai acompañada dun desmedido interese por unha, neste caso as etimoloxías e a deixadez do aseo persoal, a pesar dos esforzos da súa cuñada Fina polo ter "presentable" como correspondía a un home popular e de moita relación social, así como del mesmo porque realmente era un presumido. O seu egocentrismo non respondía só á necesidade de se autovalorar, acadaba tamén unha conduta de autodefensa.

Fole tiña unha afección: a música popular, singularmente a rusa. Ou dito máis "cientificamente" o drama musical ó estilo de Musorgski ou Rimski-Korsakov. A música canto máis lexos estivera dos temas populares menos lle interesaba, algo normal nun home que sempre estaba a busca-lo correlato literario de algo que non era literatura. Así aceptaba o "Sombreiro de tres picos", de Falla, pero non soportaba o seu "Concerto", que tiña Celestino, pero que el nunca quixo ouvir. Ademais todo o que pasase de cincuenta minutos para el xa era pesado.

Mentres ámbolos dous viviron, Fole foi moi amigo de Anxel Balboa, gran afeccionado á música, o que un día a semana organizaba un concerto na súa casa para el, o escritor, e máis Antón Figueroa. Balboa parece ser que tomaba a xuntanza tan en serio que mesmo facía un programa. Todo comezaba como estaba previsto, pero axiña aparecían as discusións e remataba como o rosario da aurora. Destas xuntanzas cóntanse moitas anécdotas baseadas no costume de Fole de "garda-las" colillas dos pitos acesas, provocando pequenos incendios, e mesmo debaixo do colchón da cama onde durmía estaba cheo de colillas... que afortunadamente tiña apagado.

Está claro que non se pode falar dun só Angel Fole. Ó noso xuízo temos que distinguir un Fole anterior a "Terra brava", cargado de lecturas baroxiáns, valleinclanescas e de escritores galegos comprometidos co nacionalismo a través dos que entrou en contacto con Galicia. Nos temos moi claro que o coñecemento que Fole tiña da terra galega e dos homes e mulleres galegos era meramente literario, de libro. Tiña ademais unha puberdade e primeira xuventude descoñecidas, que os biógrafos obvian dicindo que naceu en Lugo e nesta cidade

estudou o bacharelato. Pero non se pode saltar por riba desta etapa porque é tan importante que marcará ó escritor. Fole é fillo, en segundas nupcias, de Reinaldo Fole, politicamente amigo de Manuel Becerra, o que marcará ó escritor que navega en dous eidos moi contraditorios: o esquerdismo do seu pai e a aristocracia que tocaba á familia da que Fole estaba moi orgulloso. O escritor naceu nun fogar relacionado ca aristocracia e tentou vivir como aristócrata. Cando García Sabell o invitaba a pasar unha tempada na súa casa de Santiago, co famoso cangrexo de Kantchaka incluído, non invitaba ó escritor Anxel Fole, senón que, en opinión deste, invitaba ó que Fole representaba no eido social. Creo recordar que foi Salvador –ou quizais Sanfiz, un dos donos do cine España- o que me aclarou que o seu irmán estudara no Seminario por iso chega ó instituto moi tarde cando xa era un mozo feito e dereito, e así llo di o propio Fole a José de Cora (“Homes de Fole”), pero sen aclarar que antes estivera a estudar para crego, algo que el coidaba que non o favorecía. “Fun un bachiller tardío. Estudei no Instituto co último plan 26-27, pero xa con permiso para examinarme na Universidade”, confésalle a Cora. Tiña entón 23 anos. No 1924, é dicir, cando tiña 21, o Anxel ou non era ninguén literariamente, ou estaba interno no Seminario porque Correa Calderón non o coñece e non pode votar man del cando no 1924 publica “Ronsel”. Por estes anos o amigo de Fole é “Pepito” Gayoso, o que ten moito que ver ca ida do escritor para Valladolid a estudar Dereito, que non rematou, e para Madrid e mesmo Santiago. Cando eu o coñecín, o Fole estaba distanciados de “Pepito”, e este afirmaba que o maior defecto de Fole era o ser desagradecido.

Fole era un home definido pola “espontaneidade” e cheo de frustracións, singularmente femininas, probablemente froito da súa estada no Seminario, que o marcou máis afondadamente do que se cre, frustracións ás que el aludía de xeito simbólico cando afirmaba que fora un fermoso cativo de rizos louros, que gustaba moito ás mulleres. Pero diante delas sempre se mostrou máis tímido do que realmente era. Está claro que non as coñecía, por iso están ausentes da súa obra. É máis, diante del non se podía falar de sexo, era unha conversa que o poñía nervioso.

O Fole posterior á publicación de “Terra brava” (1955) era un home ó que lle molestaba ler e que non o disimulaba, porque así llo confesa a José de Cora, un Fole xa frustrado e inconscientemente bohemio, e dicimos inconscientemente porque a bohemia é unha actitude consciente diante da vida e a bohemia de Fole víñalle imposta pola súa penuria económica

que soportaba con moita resignación e co convencemento de que a vida o tiña traizoado. Fole pensaba que nada había máis grato que escribir, algo que non estaba ó alcance dun empresario, o que, sen embargo, gañaba moito máis ca el. Sempre estaba pendente do que ganaba a xente, sobre todo García Sabell e Celestino. Nacera para millonario.

Espiritualmente vivía de algo no que non cría, da “Terra brava” e de “Á lus do candil”, e sempre agardou máis da crítica, limitada claramente a resalta-la incorporación da linguaxe do Courel, ou do Incio á súa obra. Estaba farto de que lle dixeran que o importante de “Terra brava” radicaba en que os personaxes falaran como lles correspondía e cas verbas que lles correspondía, que o crego falara en castelán o mesmo que o médico e mailo fidalgo, e que os labregos e máis el o fixeran en galego, cando de todos é coñecido que o escritor era máis castelán falante que galego falante. El falaba en galego nos contos porque era o autor e a ratos o protagonista dun libro que tiña que estar escrito en galego, e tamén porque, como di textualmente en “Terra brava”, só os escritores harmonizarían a escrita en galego. Fole, presente no libro, quería ser un deses escritores que normativizaran o idioma. Toda a súa vida tivo que soporta-lo sambenito de “novidoso” e non o de orixinal cando é todo o contrario. Aparentemente non hai diferenza, pero esencialmente vai un abismo entre a orixinalidade e a novidade porque entre ámbalas dúas media a distancia que hai entre o profundo e o formal. A novidade en Fole vese porque está definida polo estilo a maila linguaxe; a orixinalidade late máis recatada porque ten que ver cun concepto moi amplo do popular que acada valores estéticos quizais por primeira vez na literatura galega. O escritor \_iso cría el e en grande medida tiña razón, como veremos- abriu un camiño á literatura e máis ó idioma galego, e no esforzo se baleirara para entrar no marabilloso mundo de Alicia. Aquí foi onde eu o atopei, eu e a maioría dos que o coñeceron, entenderano ou non.

¿Que pasou co Ánxel Fole? Porque o home que eu coñecín sendo, como era, encantador, tiña estrañas e case violentas arroutadas. Moitas veces amosábase egoísta, cobizoso e desprezativo, actitudes moi propias da senectude. De todos é coñecido o seu amor pola fidalguía, que compartía o seu irmán Salvador, inda que en menor medida. Se temos que crer ós seus mellores e máis vellos amigos houbo un tempo de misteriosas desaparicións que, segundo Celestino, podían ser tema dun relato de Poe. Cremos que o seu sistema nervioso viuse moi afectado polos primeiros tempos da guerra civil e sempre tivo medo, un medo impreciso, indeterminado, que o afectou notablemente. Os medos provocados pola guerra

civil nun ser tan débil de carácter como era Anxel Fole, e unha miopía que non atendeu porque non se gustaba con lentes, frustraron un grande novelista, e envelleceron prematuramente a un home que non estaba curtido pola vida, senón polos fríos e silenciosos cuartos do Seminario. Cando o coñecemos tiña fobia a non poucas persoas e nin el mesmo sabía porqué. Nunha sobremesa na que Celestino e máis eu tomábamos café con el no “Lugo-Bar” sorprendeunos de súpeto levando as mans ó rostro e logo disparándoas cara adiante ó tempo que bufaba e chamaba cabrón a algo que se reflectía no vidro da ventá, feito que repetiu tres ou catro veces, ata que Celestino preguntoulle se lle pasaba algo. Non contestou, limitouse a sorrir cun sorriso de neno malo. O único cliente que había no bar e que estaba a uns tres metros detrás de nós, era unha persoa moi coñecida e apreciada en Lugo, propietaria dun popular restaurante, que agardaba polos compañeiros de partida. O mesmo pasou outro día pola noite no que el e máis eu agardabamos no Café do Centro por Piñeiro e máis Celestino. Pero esta vez bufoulle a un coñecido médico que tiñamos sentado enfronte.

Fole pasou á historia como formidable narrador de contos, como Carballo Calero o fixo coma historiador da literatura galega cando tamén quería transcender como poeta. Pero, claro, un sempre é o que é, non o que quixera ser. A dificultade da vida humana está en saber acepta-lo destino, e se pode ser con humor. O Fole non aceptou o seu, pero soubo convivir con el, querido e respectado pola xuventude do seu tempo. Pero a pesar de ter tantos amigos, rexeitaba, como Baroja, ser adscrito a calquera grupo que supuxera máis dun só home, el. Era un mestre en saber estar só, e de todos é coñecida a súa displicencia para espantar moscóns con aquel “¡Adeus!” seguido dun sorriso retranqueiro, cando estaba a piques de se cruzar na rúa con alguén co que non quería deterse. Ou sinxelamente non dicía nada, só sorría erguendo a cabeza desafiante. Camiñaba só cos seus pensamentos, que facían del outro home. Sentíase (e había verdade dabondo niso) o primeiro e o único dos nosos escritores en dotar a nosa literatura dunha dimensión máxica, algo que nin Cunqueiro tiña acadado. Fole sempre tivo razón cando dicía que el era mellor que Cunqueiro porque sempre se refería á dimensión imaxinativa. El iniciara unha narrativa que creara unha maxia, un misterio, que hoxe está na rúa. Cunqueiro fabula, Fole crea, inda a pesares de que varios dos seus contos son transcripción doutros internacionais. Cunqueiro escribe. Fole transmite e pecha ca súa narrativa a Galicia que está na etnografía. Fole tivo a sorte de vivir cando inda existía a Galicia medieval \_que acadou os anos cincuenta do século XX\_ e soubo transmitir esa

Galicia, que non era senón unha poción do que lera mesturada co que tiña visto, e que hoxe vese como real cando non é máis que unha construción literaria. ¿Pode un literato influír na realidade, senón plenamente dun xeito cativo? ¿Pode un escritor atinxir que a súa maxia se vexa e sinta como real? Fole cría a rabiarse no celtismo de cociña que se tenta facernos ver, nese mito do celta galego, que non existiu, pero no que se pretende que nos comprometamos desde os tempos de Murguía. Realmente Fole era un celta do século XX, un home que coñeceu Galicia nos libros antes de vivir directamente con ela cando chegou á montaña luguesa. ¿Atopou nas altas cumes a confirmación do que tiña lido? Ó noso xuízo non. O que tiña lido xa formaba parte da súa personalidade, e esa Galicia que levaba dentro é a que describe. Por iso en moitos dos seus relatos sempre aparecen escenas “pasadas de moda”, xa non había as tertulias de que fala. Só existían na literatura, pero Fole fainas realidade outra vez. Fole, como todos e quizais sen se decatarse, valora algunhas novidades, pero non vive con elas. El está no pasado, por iso sempre foi feliz. Quedou co espírito nunha etapa histórica que lle gustaba na que convivía co Baroja, Valle ou Miró, co cine e cunha cotidianidade que non era tal, senón unha prolongación dos tempos pasados. Pero este encantamento estaba a escachar. E refuxiouse no cine, que tiña moito do que Fole representaba, e en “El Progreso”, onde se atopou co Traperero, rancoroso cunha sociedade que lle recoñeceu moi pouco, e onde se mostrou moi próximo, pero distante, co Anxel Fole porque este tiña canto a el se lle negaba.

Traperero, que rematara os estudos para crego, sabía latines, algo que Fole axiña aproveitou porque era o sustento das súas etimoloxías. Ámbolos dous formaron un grupo de filólogos inefables, lanzado a unha carreira que non tiña meta. Neste xogo etimolóxico conformaron un galego que non era tal. Anxel Fole sentíase tan innovador como cando escribira “Terra brava” e “Á lus do candil”. Pero estaba trabucado, entre outras cousas porque o periodista chairego nunca se propuxera escribir en galego; deformaba o castelán ca desculpa de que así falaba o pobo. Ridiculizaba ós labregos recollendo, como se fora galego, o castelán que falaban cando se poñían “finos”; É dicir, recollía ripios casteláns e non palabras ou modismos locais galegos. Fole tomou en serio a Traperero e recolleu, en xeral, como galego o que só era unha deformación do castelán. Non se decatou de que o éxito do Traperero co Pelúdez debíase, en grande parte, á linguaxe que utilizaba, ó feito de rebaixalo galego en beneficio do castelán. Se escribira en galego moi probablemente non tería lectores. Así naceu

un “estilo foliano” para os artigos que non axudaba ó noso escritor a mante-lo prestixio de excelente narrador. Ninguén llo quería dicir porque era moi duro. Fole, ca desculpa de recolledor de léxico, tiña creado unha linguaxe do Incio, o Courel ou Quiroga, que o transcende, e non era cousa de embarrala.

Coido que morreu sen se decatarse do seu verdadeiro valor dentro da literatura galega. Inda devecera por ser novelista ou poeta, pero no seu, sen dúbida, foi o máis grande.